

Octava.- Vixencia.-

O presente convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e terá carácter indefinido. Porén, os doantes ou as súas persoas herdeiras poderán rescindir a presente doazón cando se incumplan as condicións pactadas no presente documento.

Novena.- Réxime xurídico.-

Este convenio ten natureza administrativa, e as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación serán competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Faise constar que este convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia número 42755 do 10 de novembro 2023.

Unha vez lido o presente convenio, otorgan a súa conformidade e o asinan por duplicado e en unidade de acto, no lugar e data indicados ao comezo

O REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA
CORUÑA

A DOANTE

Asdo.: Xosé Luis Penas Corral

Asdo.: Julia Tarrío Pillado

A SECRETARIA XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: Amparo Taboada Gil



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Número 101 /2023

CONVENIO PARA A FORMALIZACIÓN DA DOAZON E ENTREGA POR PARTE DE MANUELA VEGA VEGA Y FAMILIA PILLADO Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DO FONDO DOCUMENTAL E DOUS CADROS DE DON FRANCISCO PILLADO VILLAMIL.

Na Coruña, a 10 de novembro de 2023.

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, Don Xosé Luis Penas Corral, da Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte, Dona Julia Tarrío Pillado.

Recoñecéndose ambas as dúas partes capacidade para a sinatura do presente documento

EXPOÑEN

Don Francisco Pillado Villamil (16 de outubro de 1856 a 26 de marzo de 1926) foi un pianista e compositor coruñés de intensa actividade artística entre os séculos XIX e XX ademais de ser o fundador dunha estirpe familiar na que os membros máis destacados compartiron nome e primeiro apelido. Alumno do pianista e compositor Torres de Adalid, tendo a opción de trasladarse a Francia, rexeitou esa posibilidade permanecendo sempre na cidade herculina. As primeiras referencias documentais de concertos de Pillado datan de 1872 cando formou con José Coutier, Mariano Alonso e os irmáns Canuto e Manuel Berea un quinteto para actuar no salón da Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos da Coruña.

Outra faceta salientable de Pillado Villamil é a que como compositor para os entroidos da Coruña, como o de 1886, para o que compuxo unha habanera que sería cantada polo coro El Eco dirixido por Pascual Veiga, que se uniu á sección de canto da Reunión Recreativa e Instructiva interpretaríala unha marcha composta por José Braña Muíños.

Parte da produción compositiva de Pillado Villamil pódese atopar no Fondo Canuto Berea da Biblioteca da Deputación da Coruña, así como no Fondo Ramiro Cartelle da Biblioteca Municipal de Estudos Locais da Coruña onde, entre a documentación do seu neto Francisco Pillado Rivadulla, se conservan copias dos manuscritos do compositor coruñés.

É de salientar que entre o fondo documental que se pretenden doar hai:

- un exemplar **inédito** e manuscrito de *Un niño c'un paxariño novo: cántiga* con música de E. Saunier (Saunier, Eugenia Osterberger (1852- 1932) e letra do deputado a Cortes por Pontevedra o Marqués de Figueiroa (Madrid, 1861-1932). E. Saunier (Santiago de Compostela, 20 de decembro de 1852-Niza, 8 de febreiro de 1932) foi unha compositora galega do romanticismo. A súa obra, en boa parte descoñecida, foi publicada pola editorial de Canuto Berea na Coruña (editando obras puramente instrumentais), F. Laurens en París e as editoriais de Benito Zozaya e Casa Dotesio en Madrid.

• dúas obras de (Juan) Manuel Pillado (fillo de Francisco Pillado Villamil)

• unha transcripción de Francisco Pillado Villamil das obras: La Czarim ; Humoreske de Dvorak ; Le Cigne de Saint Saëns (músico que se lle pode considerar un eslabón esencial da renovación que conduciu a Claude Debussy y a Maurice Ravel).

Están computadas como obras diferentes no inventario as que teñen unha instrumentación diferente, e como obras iguais (varios exemplares) as que teñen a mesma instrumentación aínda que ao tratarse de música manuscrita nunca son exactamente iguais.

As doazóns nas bibliotecas son práctica habitual á hora de completar fondos bibliográficos, pero sempre hai que valorar tanto o material e a súa validez, a dispoñibilidade de espazo, a relación custo beneficio, as características da propia biblioteca e a pertinencia de engadir estes fondos á colección do centro. É un modo máis de aumentar a cantidade e a calidade do valor dos fondos da biblioteca non esquecendo nunca que o material a doar debe constituír igualmente unha ferramenta de aprendizaxe, de formación, de extensión e posta ao día dos coñecementos así como de investigación.

A Biblioteca Provincial conta cunha importante colección de partituras na súa maioría da antiga casa editorial situada na cidade da Coruña (editor Canuto Berea) moi utilizada para a investigación por parte de estudantes de música así como de profesionais (músicos, directores, profesores), casa editorial co que o autor da maioría das obras que pretenden ser donadas tivo relación.

Consideramos que se trata dunha colección que pese a non ser moi numerosa cuantitativamente si ten un grande interese cualitativo para a Biblioteca Provincial pois ven a completar a importante colección de música. Asemade, supón un enriquecemento ao fondo musical co que conta a Biblioteca Provincial de gran uso por parte das persoas investigadoras.

O eido directamente máis favorecido por esta doazón vai ser sen dúbida a investigación. Visto todo isto, a Biblioteca Provincial **informou** que:

“1. Feito un estudo das obras musicais a doar, a Biblioteca Provincial non ten ninguna das obras que contén o inventario que se atopan en perfecto estado de conservación.

*2. A **catalogación e posta a disposición** ao público (principalmente investigadores) do material doado sería levado a cabo nun prazo curto de tempo xa que non é un material numeroso e é perfectamente asumible polo persoal da Biblioteca.*

*3. En canto á dispoñibilidade do espazo, para a disposición deste material musical **non sería precisa a instalación de andeis** nin ninguha outra instalación na Biblioteca Provincial, onde se reúnen condicións de temperatura e humidade controladas.*

*4. A valoración das obras manuscritas que se relacionan no anexo (o que lle dan un carácter único) é duns **9.500,00 euros** (de grande interese para a cidade da Coruña e por extensión para a provincia)*

Por todas estas consideracións, solicitou:

A aceptación da doazón das 43 obras manuscritas relacionadas no anexo que a familia de D. Francisco Pillado Villamil quere facer á Deputación da Coruña a través do servizo da Biblioteca Provincial e se faga un acto de entrega de este material por parte da familia a institución provincial.”

Posteriormente o informado pola Bibliotecaria foi emitido informe favorable do Servizo de Fiscalización de data 13 de xuño de 2023 e aprobado o texto do convenio por resolución de presidencia de data 27 de xuño de 2023.

Tras a aprobación do texto do convenio aportáronse máis documentos e dous cadros.

Por todo o exposto, e de conformidade cos artigos 10 e 12 do Regulamento de bens das entidades locais, aprobado polo Real decreto 1372/86 de 13 de xunio, acuerdan formalizar o presente convenio con arranxo as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.-

Dona Julia Tarrío Pillado, NIF 32.406.318-P doa á Excma. Deputación Provincial da Coruña O fondo documental e os cadros reseñados na acta de recepción que se achega como anexo ao texto do convenio.

Segunda.- Entrega e aceptación.-

A Deputación acepta a entrega formal dos fondos indicados na cláusula anterior e os cadros reflectidos na acta de recepción asinada na data do presente. Unha vez catalogado conforme se establece na cláusula quinta efectuarase un acto de entrega por parte da familia a institución provincial.

Terceira.- Destino e localización.-

As obras doadas formarán parte dos fondos bibliográficos da Deputación. Se instalará unha placa lembrando a doazón efectuada por Manuela Vega Vega e Familia Pillado o mesmo que os cadros serán catalogados e se integrarán no inventario provincial sinalando onde se amosen que foron doados por Manuela Vega Vega e Familia Pillado.

Cuarta.- Carácter gratuíto.-

Ambas partes fan constar que o tratarse dunha doazón, ésta faise con carácter gratuíto e, polo tanto, sen custo económico para a Deputación. Esta doazón representa un incalculable beneficio material e cultural para o patrimonio bibliográfico e documental da Institución Provincial.

Quinta.- Catalogación e conservación.-

A Deputación realizará o inventario e catalogación dos fondos bibliográficos, documentais e artísticos doados. A Institución Provincial comprométese a conservar adecuadamente e nas mellores condicións os fondos durante tempo indefinido. No caso de incumprimento das condicións estipuladas, a Deputación comprométese á devolución dos fondos entregados. A estes efectos, poderase crear unha Comisión de Seguimento integrada por dous representantes designados pola Deputación e dúas persoas designadas polos doantes.

Sexta.- Acceso aos fondos.-

Os doantes expresan o seu desexo de que os fondos documentais relacionadas no anexo estén dispoñibles para a súa consulta e préstamo por todas as persoas interesadas, de acordo coas normas da Biblioteca e do Arquivo da Deputación Provincial. Na páxina web da Deputación faranse constar, de maneira diferenciada, as obras catalogadas indicando a súa orixe.

Séptima.- Agradecemento.-

A Deputación expresa o seu agradecemento e recoñecemento a Dona Manuela Vega Vega e familia Pillado, pola súa xenerosidade e pola doazón desinteresada efectuada á Deputación Provincial da Coruña de tan valioso fondo documental e dous cadros, como legado ás futuras xeracións.